

**BASES PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL DO SERVICIO DE SALVAMENTO
POR PARTE DA ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO.**

A Asociación de Protección Civil de Arteixo inicia o proceso selectivo de persoal para o Servicio de Salvamento para a temporada 2013, no cal se pretenden cubrir as prazas que se relacionan de seguido:

- 4 técnicos en primeiros auxilios dende o 16 de xuño ao 15 de setembro.
- 4 tripulantes de embarcación de rescate dende o 16 de xuño ao 15 de setembro.
- 37 socorristas acuáticos dende o 16 de xuño ao 15 de setembro.

Para poder acceder ás prazas ofertadas os aspirantes deberán estar en posesión (ou en condición de obtelo en data anterior á contratación) do título de socorrista acuático, de técnico de primeiros auxilios e da titulación que habilite para o manexo de embarcacións (de acordo coa praza á que opten os aspirantes), en calquera das modalidades expedidas polos órganos competentes.

Presentación de solicitudes.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo poderán ser recollidas nas dependencias de Protección Civil de Arteixo (parcela nº 24 do Polígono de Sabón. 15142 Arteixo) ou descargadas na páxina web do concello (www.arteixo.org) dende o día 06 de maio de 2013. Deberán ser entregadas e debidamente cumprimentadas, nas dependencias de Protección Civil, con anterioridade ao día 19 de maio de 2013. A solicitude deberá vir acompañada da documentación acreditativa que se especifica no seguinte apartado.

Documentación acreditativa.

Conxuntamente coa solicitude, os aspirantes deberán achegar:

1. Fotocopia do DNI (as dúas caras do documento na mesma cara da fotocopia).
2. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (non a tarxeta sanitaria).
3. Fotocopia da conta bancaria.
4. Documentación acreditativa da titulación requirida para o posto.
5. Documentación acreditativa da experiencia profesional (copias dos contratos ou calquera outro documento no que se especifiquen o cargo desempregado polo traballador e a duración do contrato).
6. Fotocopia do documento que acredite a inscrición no rexistro profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia

Todos aqueles méritos que non se acrediten debidamente por medio da documentación referida non serán tidos en conta á hora do proceso selectivo.

Proceso selectivo.

Constará de varias fases, de acordo co posto ao que se opte, ningunha das cales terá carácter eliminatorio. Un mesmo aspirante poderá optar a diferentes postos, sempre e cando cumpra os requisitos esixidos.

A. Técnicos en Primeiros Auxilios (TPA).

1) FASE DE MÉRITOS

Avaliaranse os méritos alegados polos aspirantes no momento de presentar a súa solicitude, sempre e cando se xustifiquen coa documentación esixida en cada caso. Serán cualificadas a **experiencia profesional** e a **formación académica** de cada aspirante ata un máximo de 10 puntos en cada apartado, de acordo coa seguinte táboa:

EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÁXIMO 10 PUNTOS
Cada mes traballado en posto similar	1,0 puntos
Cada mes traballado noutros postos da rama sanitaria	0,5 puntos
FORMACIÓN ACADÉMICA	MÁXIMO 10 PUNTOS
Cada curso de 100 horas ou menos	1,0 puntos
Cada curso de 100 a 300 horas	3,0 puntos
Cada curso de máis de 300 horas ou formación de grao medio na rama sanitaria	5,0 puntos
Capacitación manexo DESA	5,0 puntos
Cada curso superado en carreira da rama sanitaria	2,0 puntos
Titulación superior rama sanitaria	10,0 puntos

2) PROBA TEÓRICA

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar un cuestionario específico ao posto ao que se opta, con un mínimo de 15 e un máximo de 30 preguntas cortas ou tipo test. A puntuación máxima que se poderá acadar será de **30 puntos**, concedéndoselle a mesma valoración a cada unha das preguntas do cuestionario.

A data de celebración desta proba teórica será o día 27 de maio 2013 dende ás 20:00 horas ata ás 21:30 horas, no Auditorio do Centro Cívico Cultural de Arteixo.

B. Técnicos en Salvamento Acuático (TSA).

1) FASE DE MÉRITOS

Avaliaranse os méritos alegados polos aspirantes no momento de presentar a súa solicitude, sempre e cando se xustifiquen coa documentación esixida en cada caso. Será cualificada a **experiencia profesional** de cada un dos aspirantes ata unha puntuación máxima de **10 puntos**, de acordo coa seguinte táboa:

EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÁXIMO 10 PUNTOS
Cada mes traballado en posto similar nas praias do Concello de Arteixo	1,0 puntos
Cada mes traballado en posto similar nas praias doutros concellos	0,5 puntos
Cada mes traballado en posto similar en piscinas	0,2 puntos

2) PROBA TEÓRICA

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar un cuestionario específico ao posto ao que se opta, con un mínimo de 15 e un máximo de 30 preguntas cortas ou tipo test. A puntuación máxima que se poderá acadar será de **15 puntos**, concedéndosele a mesma valoración a cada unha das preguntas do cuestionario.

A data de celebración desta proba teórica será o día 27 de maio 2013 dende ás 20:00 horas ata ás 21:30 horas, no Auditorio do Centro Cívico Cultural de Arteixo.

3) PROBAS FÍSICAS

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirán na realización de probas de actitude física axeitadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van a desenvolver. Cada unha delas terá unha puntuación máxima específica, acadando unha puntuación de 0 puntos cando o candidato non remate a proba.

1. PROBAS NA PISCINA **Sábado 1 Xuño (10:00-14:00 e 17:00-21:00)**

A	50 metros rescate do manequín	Puntuación máxima 10 puntos : outorgaráselle unha puntuación de 6 puntos a todos aqueles que realicen un tempo de 50", mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 1 punto cada 2".
	1. Posición de partida: de pé na veira da piscina. 2. Despois do sinal de saída: <ul style="list-style-type: none"> - 25 metros nado libre. - Recollida do manequín no fondo da piscina. - 25 metros remolque do manequín sen que a auga pase por enriba das súas vías respiratorias. 	
B	200 metros rescate con aletas	Puntuación máxima 10 puntos : outorgaráselle unha puntuación de 6 puntos a todos aqueles que realicen un tempo de 3'25", mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 1 punto cada 15".
	1. Posición de partida: de pé na veira da piscina coas aletas na man. 2. Despois do sinal de saída: <ul style="list-style-type: none"> - Colocarse as aletas. - 100 metros nado libre con aletas. - Recollida do manequín no fondo da piscina. 100 metros remolque do manequín sen que a auga pase por enriba das súas vías respiratorias.	

2. PROBAS NA PRAIA **Domingo 2 de xuño (10:00. Praia de Barrañán)**

A	Combinada: carreira continua e nado libre.	Puntuación máxima 30 puntos : dependendo do estado do mar o persoal encargado da avaliación dos candidatos establecerá as distancias a percorrer e o tempo estimado de realización da proba. Outorgaráselle unha puntuación de 16 puntos a todos aqueles que realicen o dito tempo estimado, mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 1 punto cada 30".
1. Posición de partida: de pé no punto de partida na praia de Barrañán. Os participantes portarán na man as aletas e, se o desexan, poderán vestir traxe de neopreno. 2. Despois do sinal de saída: <ul style="list-style-type: none"> - Desprazamento terrestre ata chegar á baliza indicativa do punto de entrada no mar, que deberán superar pola parte exterior antes de facer a entrada no mar. - Entrada na auga no punto que consideren máis axeitado, colocándose as aletas e nadando (estilo libre) ata a boia colocada fronte á baliza de terra, debendo superala pola parte exterior. - Nado libre ata a seguinte boia, colocada á altura da baliza de meta, superándoa polo exterior. - Saída do mar, retirada das aletas e carreira ata a baliza de meta. Os participantes deberán carrexar as aletas ata superar a liña de meta. 		

C. Tripulación Embarcación de Rescate (TER).

1) FASE DE MÉRITOS

Avaliaranse os méritos alegados polos aspirantes no momento de presentar a súa solicitude, sempre e cando se xustifiquen coa documentación esixida en cada caso (será imprescindible dispor da titulación de socorrista acuático, ademais da titulación que habilite para o manexo da embarcación). Serán cualificadas a **experiencia profesional** e a **formación académica** de cada aspirante ata un máximo de 10 puntos en cada apartado, de acordo coa seguinte táboa:

EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÁXIMO 10 PUNTOS
Cada mes traballado en posto similar nas praias do Concello de Arteixo	1,0 puntos
Cada mes traballado en posto similar nas praias doutros concellos	0,5 puntos
FORMACIÓN ACADÉMICA	MÁXIMO 10 PUNTOS
Autorización Federativa para o goberno de embarcacións de recreo (Titulín)	1,0 puntos
Patrón de Navegación Básica (PNB)	3,0 puntos
Patrón de Embarcacións de Recreo (PER)	5,0 puntos
Outros cursos e autorizacións (homologados polas autoridades competentes)	2,0 puntos

2) PROBA DE APTITUDE

Os aspirantes a cubrir as prazas de TER deberán realizar unha proba de aptitude e manexo de embarcación, a cal se desenvolverá o día 2 de xuño, despois da proba física dos socorristas. A dita proba de manexo de embarcación será proposta polo tribunal avaliador o mesmo día, de acordo coas condicións do mar e terá unha puntuación máxima de **30 puntos**.

3) PROBAS FÍSICAS

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirán na realización de probas de actitude física axeitadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van a desenvolver. Cada unha delas terá unha puntuación máxima específica, acadando unha puntuación de 0 puntos cando o candidato non remate a proba.

PROBAS NA PISCINA		Sábado 1 Xuño (10:00-14:00 e 17:00-21:00)
A	50 metros rescate do manequín	Puntuación máxima 10 puntos : outorgaráselle unha puntuación de 6 puntos a todos aqueles que realicen un tempo de 50", mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 1 punto cada 2".
	1. Posición de partida: de pé na veira da piscina. 2. Despois do sinal de saída: <ul style="list-style-type: none"> - 25 metros nado libre. - Recollida do manequín no fondo da piscina. - 25 metros remolque do manequín sen que a auga pase por enriba das súas vías respiratorias. 	
B	200 metros rescate con aletas	Puntuación máxima 10 puntos : outorgaráselle unha puntuación de 6 puntos a todos aqueles que realicen un tempo de 3'25", mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 1 punto cada 15".
	1. Posición de partida: de pé na veira da piscina coas aletas na man. 2. Despois do sinal de saída: <ul style="list-style-type: none"> - Colocarse as aletas. - 100 metros nado libre con aletas. - Recollida do manequín no fondo da piscina. 100 metros remolque do manequín sen que a auga pase por enriba das súas vías respiratorias.	

Proposta de persoal seleccionado e formalización do contrato.

Ao concluír o proceso selectivo o persoal responsable do Servicio de Salvamento publicará no taboleiro de anuncios da Asociación de Protección Civil e na páxina web do concello, a relación dos aspirantes seleccionados, nun prazo de cinco días dende o remate das probas de selección. Con orde da relación segundo as puntuacións totais acadadas, no caso de existir dous ou máis aspirantes coa mesma puntuación, prevalecerá aquela acadada nas probas. Na mesma publicación indicárase a documentación precisa para a formalización do contrato laboral con dita asociación.

O persoal seleccionado deberá presentar a documentación precisa para a formalización do contrato antes do día 09 de xuño.

Arteixo, 02 de maio de 2013

Presidente de Asociación de
Voluntarios de Protección Civil
de Arteixo

José Manuel López Blanco

ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL PARA O SERVICIO DE SALVAMENTO 2013

DATOS PERSOAIS

APELIDOS		NOME	
DNI	DATA NACEMENTO	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
ENDEREZO			
RÚA, PRAZA, ...		NÚMERO	PISO
LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

PRAZA Á QUE OPTA (marcar cun X)

<input type="checkbox"/>	SOCORRISTA DE PRAIA
<input type="checkbox"/>	TRIPULANTE EMBARCACIÓN RESCATE
<input type="checkbox"/>	TÉCNICO PRIMEIROS AUXILIOS

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á PRESENTE SOLICITUDE*

1.	Fotocopia do DNI (as dúas caras do documento na mesma cara da fotocopia).
2.	Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (non tarxeta sanitaria).
3.	Fotocopia da conta bancaria.
4.	Documentación acreditativa da titulación requirida para o posto.
5.	Documentación acreditativa da experiencia profesional (copias dos contratos ou calquera outro documento no que se especifiquen o cargo desempregado polo traballador e a duración do contrato).
6.	Fotocopia do documento que acredite a inscrición no rexistro profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

*No caso de non presentar a documentación aquí referida o aspirante non poderá acceder ás probas de selección.

O que asina é coñecedor das bases de selección do persoal para formar parte do Servicio de Salvamento 2013, respectando e acatando as mesmas.

Arteixo, de de 2013

Asdo. O solicitante

IMPORTANTE: Esta solicitude e a documentación a acompañar deberá ser entregada nas dependencias de Protección Civil (parcela 24 do Polígono de Sabón. 15142 Arteixo) antes do día 19 de maio de 2013.